


NIGRÁN, ao longo de toda a súa extensión, ofrece a quen o visita paraxes únicos, de increíble beleza natural, paisaxística e cultural.

Na costa, múltiples gamas de verdes; azuis e grises no mar; o branco dos nosos areais; ou os vermellos das postas de sol. No interior, un gran número de posibilidades de monte e campo en estado puro; onde a vexetación alterna especies autóctonas, como o carballo e o castiñeiro, con outras foráneas como o pino e o eucalipto. Todo isto convive de forma perfecta cun amplo patrimonio cultural, reflexo histórico da evolución do concello que debe ser preservado para ser transmitido ás futuras xeracións. Todas estas calidades fixeron a Nigrán acreedora da declaración de Municipio de interese turístico.

Nigrán ofrece un mundo de sensacións ao peregrino desde o momento da súa chegada, sensacións que irá renovando ao longo do Camiño.



Esquema xeral do Camiño Portugués pola Costa

CREDECIAL



A credencial do peregrino é o documento no que se vai recollendo os selos dos lugares polos que se pasa e que servirán para obter a "Compostela" (documento do Cabido que certifica a realización da peregrinación por motivos relixiosos ou espirituais), debendo acreditar realizar, como mínimo, os 100 últimos km a pé ou a cabalo, ou 200 en bicicleta.

No seu paso por Galicia, a credencial pódese adquirir en:

- TUI: na catedral
- A GUARDA: na Oficina Municipal de Turismo
- VIGO: Igrexa de Santiago de Vigo

TELÉFONOS DE INTERESE




- OFICINA DE ATENCIÓN Á CIDADANÍA: 986 365 000
- OFICINA DE TURISMO MUNICIPAL DUNAS DE GAIFAR: 986 368 734 (aberta de abril a setembro)
- OFICINA DE TURISMO DA MANCOMUNIDADE DO VAL MIÑOR: 986 354 879 (aberta de xuño a setembro)
- POLICÍA LOCAL: 986 383 929/ 696 440 390
- EMERXENCIAS: 112
- TAXIS RAMALLOSA: 986 350 009
- TAXIS NIGRÁN: 986 365 409
- CENTRO DE SAÚDE XUNQUEIRA: 986 352 737 / 986 352 600
- CENTRO DE SAÚDE PANXÓN: 986 365 042 / 986 368 615
- FARMACIAS:
 1. Preto do Camiño oficial:
 - FARMACIA DE A RAMALLOSA: 986 350 252
 - FARMACIA DE NIGRÁN: 986 365 794
 - FARMACIA DE PRIEGUE: 986 380 170
 2. Preto da variante pola costa:
 - FARMACIA DE PRAIA AMÉRICA: 986 353 106
 - FARMACIA DE PANXÓN (Praza Xesús Espinosa): 986 368 046
 - FARMACIA DE PANXÓN (Rúa Mariñeiro): 986 365 894
 3. Outras
 - FARMACIA DE CAMOS: 986 366 252



Nigrán. Pazo Románico de A Ramallosa.

Durante a Idade Media existían gran cantidade de camiños que percorrían o territorio en dirección a Santiago de Compostela, tendo especial importancia os camiños procedentes de Portugal.

Dentro destes camiños de peregrinación, destaca o CAMIÑO PORTUGUÉS POLA COSTA, que transcorre desde A Guarda ata Redondela, onde se une co Camiño Portugués tradicional para chegar a Santiago. Esta ruta era seguida polos peregrinos procedentes das terras máis occidentais, aqueles que desde países de ultramar arribaban aos portos portugueses para chegar a Compostela seguindo este vello camiño costeiro. A súa importancia certíficana os topónimos, elementos de devoción xacobea e antigos hospitais e hospedadarías que atendían aos peregrinos como os de Viana do Castelo e Carmiña. Dende aquí cruzaban o río Miño en barca ata a beira deixando atrás Portugal, para continuar atravesando os concellos de Vigo, ata que chegaban a Redondela, onde continuaban a mesma ruta que facían os peregrinos procedentes do camiño portugués que transcorre polo interior.



www.nigran.org / concellodenigran.gal/turismo.nigran



e o Camiño Portugués pola Costa

NIGRÁN



NIGRÁN

e o Camiño Portugués pola Costa

1. CAMIÑO OFICIAL

- **PAZO DE PÍAS-ALBERGUE PRIVADO**
T. 986 350 654
www.pazopias.org
Aberto todo o ano, excepto as 3 primeiras semanas de xaneiro
- **HOTEL SOTOMAYOR 1***
T. 986 366 101
hotelsotomayor@gmail.com
Aberto todo o ano
- **VINOTEL 7 UVAS**
T. 986 366 326 • www.7uvas.es
Aberto todo o ano
- **PENSIÓN NIGRÁN**
T. 986 365 613 • www.pensionnigran.com
Aberto todo o ano
- **PENSIÓN VENUS**
T. 986 366 011 • www.pensionvenus.es
Aberto todo o ano

2. VARIANTE DA COSTA

- **APARTAMENTOS TURÍSTICOS AS BARUTEÑAS**
T. 986 350 374 / 986 365 257 / 686 551 553
Aberto de xuño a setembro
- **CAMPING PLAYA AMÉRICA**
T. 986 365 404
www.campingplayaamerica.com
Aberto de marzo a outubro
- **HOTEL HOLIDAY 3***
T. 986 366 403 • www.hotel-holiday.es
Aberto todo o ano
- **HOTEL MIRAMAR**
T. 986 350 227 / 986 350 451
www.miramarhoteles.es
Aberto todo o ano
- **PENSIÓN AREOSA**
T. 986 365 378
Aberto todo o ano
- **PENSIÓN MONTEFERRO**
T. 986 365 193 / 654 740 598
www.hostalmonteferro.es
Aberto xullo e agosto
- **PENSIÓN MONTEVIDEO**
T. 986 365 705 / 659 003 490
www.pensionmontevideo.com
Aberto todo o ano

● **PENSIÓN MOISÉS**
T. 699 192 320
Aberto xullo e agosto

● **PENSIÓN QUIJOTES**
T. 986 365 149
Aberto no verán

3. FORA DOS CAMIÑOS

● **HOTEL VAL CONVENTION**
T. 986 127 070
www.hotelvalconvention.com
info@hotelvalconvention.com
Aberto todo o ano

● **VINOTEL**
T. 986 366 326 / 717 713 347
www.7uvas.es
Aberto todo o ano

● **PENSIÓN NIGRÁN**
T. 986 365 613
www.pensionnigran.com
Aberto todo o ano

● **PENSIÓN VENUS**
T. 986 366 011 / 630 747 378
www.pensionvenus.com
Aberto todo o ano

● **PENSIÓN EL RETIRO**
T. 986 367 936 / 629 040 835
Aberto todo o ano excepto do 17 setembro ao 8 outubro

● **HOTEL QUEIMADA**
T. 986 350 307 / 986 350 380
www.queimada.com
Aberto todo o ano

● **PAZO DA TOUZA**
T. 986 383 047 / 693 613 651 / 680 661 276
www.pazodatouza.info

● **PENSIÓN ALCE**
T. 986 354 311
www.pensionalce.com
Aberto de xuño a setembro

● **PENSIÓN RINCÓN DO DEMO**
T. 986 353 123 / 671 293 283
www.rinconododemo.com
Aberto todo o ano

• CAMIÑO OFICIAL

- 1. PONTE ROMÁNICA DA RAMALLOSA:** o noso camiño comeza nesta ponte do século XII-XIII de estilo medieval, destacando os seus arcos de transición levemente apuntados e o Peto das Ánimas, adicado a San Telmo así como as súas lendas.
- 2. PAZO DE PÍAS:** casa señorial do século XVII onde destaca a súa balconada, os escudos de armas e o seu singular hórreo de dúas plantas, único en Galicia. Actualmente pertence ás Hermanas Apostólicas Corazón de Xesús e funciona como albergue privado para peregrinos.
- 3. PAZO DE A REBOLEIRA:** pazo señorial do século XVIII construído por D. Lorenzo Correa.
- 4. IGREXA DE SAN PEDRO E CRUCEIRO:** destaca no interior do cemiterio, ao lado da igrexa, o cruceiro de base cúbica cunha columna de gran altura, representándose nel a figura da Fe.
- 5. PAZO ABACIAL:** casa reitoral construída a finais do século XVII polo capitán de cabalería Martín Brito, cun magnífico portalón de entrada de clara inspiración barroca.
- 6. PAZO DE CEA:** casa señorial construída no século XVI, conta con capela, pombal, hórreo e unha fonte con brasóns, foi declarado Monumento Histórico e Ben de Interese Cultural.

• VARIANTE DA COSTA

- 7. FOZ DO MIÑOR:** espazo único pola súa beleza paisaxística, por ser refuxio de aves tanto nese paso migratorio como nas súas estancias invernaís, ademais de ser un importante recurso marisqueiro. Está incluída na Rede Natura 2000.
- 8. AREAIS DE PRAIA AMÉRICA, PANXÓN E PATOS:** merecedores ano tras ano do distintivo Bandeira Azul e do SICTED (Sistema Integral de Calidade Turística) grazas á calidade das súas augas e area, e pola súa ampla oferta de servizos.
- 9. TEMPLO VOTIVO DO MAR E ARCO VISIGÓTICO:** trátase dos restos visigóticos de San Xoán, templo dedicado anteriormente a San Pantaleón, do s.VII, do que nos queda como lembranza o arco sobre unha das súas fachadas, declarado Ben de Interese Cultural. Moi próximo acharemos o Templo Votivo do Mar (1932-37), templo neogótico construído por Antonio Palacios.
- 10. MONTEFERRO:** miradoiro costeiro dende onde podemos contemplar as Illas Estelas, excelente enclave para as inmersións submarinas pola biodiversidade dos seus fondos. Na cima do monte, atopamos o Monumento á Mariña Universal, obra de Manuel Gómez Román, como homenaxe ós homes do mar.

• OUTROS PUNTOS DE INTERESE

- 11. IGREXA DE SANTIAGO DE PARADA:** única mostra de arte románico que se conserva no noso municipio. Do século XIII, dunha sola nave, onde conserva unha boa mostra da súa arquitectura primitiva na fachada norte.
- 12. PAZO DA TOUZA:** do século XVI, destaca a torre ameada. Foi declarado Ben de Interese Cultural e actualmente alberga un establecemento de turismo rural.
- 13. MIRADOIROS:** Nigrán conta con catro magníficos miradoiros, repartidos por distintos puntos do municipio: Montecastelo, Miradoiro do Castro, Miradoiro dos Outeiros e Monteferro, dende os cales gozarase de espléndidas vistas panorámicas do Val Miñor, a Ria de Vigo, Chandebrito, a costa, a Ría de Baiona, as illas Estelas e as Illas Cíes.
- 14. PAZO URZÁIZ-CADAVAL:** do século XIV e conta con unha torre con ameas, hórreo e capela, está declarado Ben de Interese Cultural

MAPA DE NIGRÁN
(Camiño Oficial e variante pola costa)

Legend:

- Camino Oficial (Yellow dotted line)
- Variante pola Costa (Blue dotted line)
- Miradoiros (Eye icon)
- Igrexas e Cruceiros (Church icon)
- Pazos e edificios históricos (Castle icon)
- Ponte Románica (Bridge icon)
- Puntos de Interese (Yellow pin icon)
- Información turística (Information icon)
- Centro de saúde (Blue cross icon)
- Farmacia (Green cross icon)
- Taxi (Taxi icon)

Landmarks and Beaches on the Map:

- Beaches:** Praia do Portiño, Praia das Canas, Praia de Patos, Praia Portocelo, Praia Area Fofa, Praia Arribas Brancas, Praia da Madorra, Praia de Panxón, Praia América, Monte Lourido, Esteiro da Foz, Sabarís.
- Points of Interest:** 1. Ponte Románica de A Ramallosa, 2. Pazo de Pías, 3. Pazo da Reboleira, 4. Igrexa de San Pedro, 5. Pazo Abacial, 6. Pazo de cea, 7. Foz do Miñor, 8. Praia de América, 9. Templo Votivo do Mar e Arco Visigótico, 10. Monteferro, 11. Igrexa de Santiago de Parada, 12. Pazo da Touza, 13. Miradoiro do Castro, 13. Miradoiro dos Outeiros, 14. Pazo Urzáiz-Cadaval.
- Other Landmarks:** Monumento á Mariña Universal, Capela das Angustias, Igrexa de San Fiz, Capela e Cruceiro de San Campio, Centro Saúde Xunqueira, Casa do Concello de Nigrán, Pazo de Cea, Pazo Cadaval Urzáiz, Igrexa de San Fiz, Pazo de Touza, Miradoiro de Os Mouros, Igrexa Santiago de Parada.